

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

A tutoría é un elemento que forma ou debe de formar parte da formación universitaria. En concreto, a acción titorial, tamén denominada *tutoría persoal académica*, *tutoría de integración e seguimento* ou *tutoría académico-curricular*, defínese como o asesoramento académico-curricular dos estudantes durante os seus estudos de grao, especialmente no primeiro ano de carreira.

Un plan de acción titorial (PAT) "*é un sistema de atención aos estudantes que se ocupa da información, a formación e a orientación de forma personalizada e que centra a súa atención en facilitar a adaptación á universidade...*" (Rodríguez, 2004, p.12).

1. OBXECTIVOS

O propósito do Plan de Acción Titorial (PAT) no primeiro ano de incorporación dos estudantes ao grao é facilitar o tránsito dos estudantes das ensinanzas medias ou superior ao ensino universitario, e estimular a súa participación activa no proceso educativo. Unha vez implantado o programa, poderanse introducir novos aspectos relacionados sempre co **desenvolvemento académico dos estudantes**.

Estes obxectivos van ter unha dobre vertente: os estudantes e o propio centro e titulación.

a) Estudantes:

- **Facilitación de información** sobre a estrutura e os servizos da institución á que se incorpora, as normas e regulamentos académicos que lle afectan, e sobre as características fundamentais da titulación que cursa e as opcións curriculares.
- **Asesoramento** sobre a toma de decisións sobre o seu itinerario curricular.
- **Seguimento** do seu rendemento académico, considerando as dificultades que poidan xurdir e buscando posibles solucións.
- **Orientación** sobre os recursos para a aprendizaxe e sobre os servizos da USC dispoñibles para aqueles alumnos con necesidades específicas.
- **Integración** na vida académica da escola, paliando a sensación de inseguridade e illamento do estudante de primeiro curso.

b) Titulación:

- Identificación de elementos de mellora da calidade do centro (servizos, funcionamento...).
- Identificación de elementos de mellora da propia titulación (programa formativo, organización docente...).

2. AXENTES IMPLICADOS

Nas diferentes accións e actividades recollidas no PAT están implicados:

- **A dirección da EPSE**
- **A comisión de coordinación do grao**
- **Profesores titores**

Participarán como profesores titores no Programa de Acción Titorial o profesorado que imparten docencia na Titulación e que voluntariamente soliciten participar.

3. FUNCIÓN DOS AXENTES IMPLICADOS

A dirección da EPSE, conxuntamente coa comisión de coordinación, ocuparase de establecer os procedementos oportunos e de velar polo seu bo desenvolvemento. Proporcionará os certificados e recoñecementos oportunos aos profesores titores. Promoverá a realización de reunións informativas para os estudantes sobre temas relacionadas co proceso de ensino aprendizaxe (bolsas, optatividade, prácticas externas, traballo fin de grao, orientación profesional...) que axuden ao estudante a configurar o seu itinerario curricular e profesional.

Os profesores titores facilitarán a integración dos alumnos titorizados na dinámica da EPSE. Informaranlles sobre a titulación e asesorarán na elección do seu itinerario curricular. Así mesmo, orientarán sobre os recursos de aprendizaxe dispoñibles e sobre os servizos da universidade en caso de necesitalos.

4. DESTINATARIOS

O Plan de Acción Tutorial ten carácter voluntario e está destinado, fundamentalmente, a estudantes de primeiro curso do das titulacións da EPSE. De maneira adicional, tamén poderanse incluír estudantes Erasmus, SICUE, etc. e alumnos doutros cursos que accedan por primeira vez á EPSE.

5. ACTIVIDADES

• EPSE

- Xornadas de Acollida (1º)
- Charla sobre mencións e saídas do GEAA (1º)
- Charla sobre o s regulamentos e a representación do alumnado nos órganos da USC (1º-2º)
- Charla sobre mobilidade (1º)
- Charla sobre prácticas externas (3º)
- Charla sobre TFG (3º-4º)
- Charla sobre saídas profesionais e búsqueda de emprego (4º)
- Charla sobre os masters (4º)

• Profesores titores

Os profesores titores realizarán unhas sesións de titorías diferentes e complementarias ás titorías académicas que se fixan nas distintas materias. O obxectivo destas titorías é coñecer aos estudantes de 1º curso, así como recabar información respecto ás súas necesidades e demandas. Todo iso permitirá planificar accións que faciliten a súa integración na vida universitaria e orientarlle no seu currículo.

Cada profesor/a titor realizará, polo menos, **tres sesións de titorías individuais ou en grupo** cos estudantes a titorizar que se lle asignen. Ademais, e sempre e cando titores e alumnos/as titorizados o consideren conveniente, poderán celebrar cantas reunións consideren necesarias a través das canles que coiden máis adecuadas (presencial, on-line, etc.).

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Será o titor/a quen, de acordo cos seus alumnos/as titorizados, estableza o calendario das tres sesións de tutoría e o horario delas.

A continuación, preséntase un guión orientativo co calendario, os obxectivos e os temas que se poden tratar en cada unha das tres sesións de tutoría a realizar ao longo do curso. Preténdese con iso que os profesores conten cunhas directrices mínimas que os axuden a organizar as sesións. Non obstante, poderán varialo en función das necesidades e intereses concretos do grupo de alumnos/as titorizados.

- Primeira sesión de tutoría: Toma de contacto.

A primeira reunión realizarase, preferentemente, ao longo do **primeiro mes** de inicio de curso. O titor/a convocará ao/s alumno/s titorizados na hora e lugar que decida. A asistencia do alumno/a será voluntaria. O obxectivo desta primeira reunión será coñecer aos alumnos/as e facilitarlles toda aquela información que se considere útil para o estudante e que non forma parte de materias específicas do plan de estudos.

O titor/a presentarse e explicará o seu papel, así como os obxectivos do Plan de Acción Tutorial, as actividades, o funcionamento (calendario e horario, forma de contacto,...). Así mesmo, poderá facilitar información ao estudante sobre o Plan de Estudos (estrutura, itinerarios, requisitos, normas,..) e/ou derivar ao estudante ao servizo universitario que proceda en función das súas demandas.

Nesta primeira reunión tratarase de coñecer aos alumnos/as titorizados: os seus intereses académicos, as súas expectativas en relación coa titulación, os profesores, as tutorías, a universidade..., e os seus métodos de estudo e organización do tempo, etc.

- Segunda sesión de tutoría: Primeiros resultados académicos.

A segunda sesión realizarase á **finalización do primeiro semestre**. O obxectivo desta sesión é a revisión dos primeiros resultados académicos e continuar facilitándolles información útil sobre diferentes actividades formativas e recursos que ofrece a universidade.

Nesta reunión, revisarase a marcha do primeiro semestre: os resultados obtidos, as dificultades, e valorarase a necesidade de remitir ao estudante aos servizos oportunos. Tamén se lle ofrecerá información e orientaráselle sobre as actividades formativas e recursos que ofrece a universidade, que poden favorecer o seu desenvolvemento académico e/ou persoal e a súa integración na comunidade universitaria.

- Terceira sesión de tutoría: Balance do curso

A terceira sesión de tutoría efectúase no segundo semestre e antes de finalizar o curso académico. O obxectivo desta terceira sesión é realizar un balance do curso e ofrecer información sobre actividades extra-académicas.

Nesta terceira sesión, revisarase o desenvolvemento do curso que finaliza e resolveranse as dúbidas en relación cos próximos cursos (mencións, materias optativas, prácticas externas, TFG, bolsas, Mobilidade...). Tamén se lles ofrecerá información sobre actividades extra-académicas relacionadas coa titulación e outras realizadas fóra da universidade: congresos, formación en linguas modernas, xornadas, etc.

6. ORGANIZACIÓN

Antes do inicio de cada curso académico, dende a dirección da EPSE e/ou dende a Coordinación de Grao enviarase unha invitación a participar no Programa de Acción Tutorial aos

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

profesores da Titulación. Estes comunicarán o seu interese en participar.

Cada curso e previamente ó inicio do Plan de Acción Tutorial do Curso académico, organizarase unha reunión para tratar o PAT na que se invitará ao profesorado e os docentes participantes.

Asignarase un máximo de 5 alumnos por cada titor/a.

Os profesores titores convocarán aos estudantes as titorías que serán de carácter voluntario.

7. DIFUSIÓN

A difusión do PAT realizarase a través das vías que se considere: páxina web da EPSE, campus virtual, sesión de acollida, a través dos docentes na propia clase...

8. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Realizarase ao finalizar o curso académico. Avaliaranse unha serie de indicadores relativos á implantación e éxito do programa, tales como: nº de profesores/as que solicitaron participar como titores, nº de alumnos/as que solicitaron o PAT, niveis de asistencia ás sesións de titoría, satisfacción dos participantes, etc. Para iso, ao finalizar o curso solicitarase a cada titor a información oportuna, así como as fortalezas e debilidades do PAT.

Esta avaliación servirá fundamentalmente para recoller as dificultades e problemas da posta en marcha do PAT e as suxestións de mellora.